

4. Nos documentos de inicio de expedientes sancionadores polas entidades xestoras ou servicios correspondentes das comunidades autónomas, comunicarán-selles ós interesados os feitos ou omisións que se lles imputen, a infracción presuntamente cometida, a súa cualificación e a sanción proposta, con expresión do prazo para poderen formular alegacións.

Artigo 54. *Recursos.*

Contra as resolucións dictadas nos procedementos sancionadores poderanse interpo-los recursos administrativos e xurisdiccionais que legalmente procedan.

Disposición adicional primeira. *Actualización do importe das sancións.*

A contía das sancións establecidas no artigo 40 da presente lei poderá ser actualizada periodicamente polo Goberno, por proposta do Ministro de Traballo e Asuntos Sociais, tendo en conta a variación dos índices de prezos de consumo.

Disposición adicional segunda. *Corpo superior de inspectores de Traballo e Seguridade Social.*

A disposición adicional terceira da Lei 8/1988, do 7 de abril, na súa redacción vixente, quedará derogada en cada territorio autonómico cando se logre o respectivo acordo con cada Comunidade Autónoma a que se refire o artigo 17 da Lei 42/1997, do 14 de novembro, ordenadora da Inspección de Traballo e Seguridade Social, de conformidade co previsto no número dous da súa disposición derogatoria.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó previsto na presente lei.
2. Quedan expresamente derogadas as seguintes disposicións:

a) Lei 8/1988, do 7 de abril, sobre infraccións e sancións na orde social, sen prexuízo do disposto na disposición adicional segunda da presente lei.

b) Da Lei do Estatuto dos traballadores, texto refundido aprobado polo Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, o título IV, artigos 93 a 97.

c) Da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, os números 2, 4 e 5 do artigo 42, e os artigos 45 a 52.

d) Da Lei 14/1994, do 1 de xuño, pola que se regulan as empresas de traballo temporal, o capítulo V, artigos 18 a 21.

e) Da Lei 10/1997, do 24 de abril, sobre dereitos de información e consulta dos traballadores nas empresas e grupos de dimensión comunitaria, o capítulo I do título III, artigos 30 a 34.

f) Da Lei 27/1999, do 16 de xullo, de cooperativas, os artigos 114 e 115.

g) Da Lei 45/1999, do 29 de novembro, sobre o desprazamento de traballadores no marco da prestación de servicios transnacionais, os artigos 10 a 13.

3. As referencias contidas na normativa vixente ás disposicións e preceptos que se derogan expresamente no número anterior deberán entenderse efectuadas á presente lei e ós preceptos desta que regulan a mesma materia.

Disposición derradeira única. *Carácter desta lei.*

A presente lei, así como as súas normas regulamentarias de desenvolvemento, constitúen lexislación dictada ó abeiro do artigo 149.1.2.^a, 7.^a, 17.^a e 18.^a da Constitución española.

XEFATURA DO ESTADO

15421 *REAL DECRETO LEI 8/2000, do 4 de agosto, de adopción de medidas de carácter urgente para paliar los efectos producidos pola seca e outras adversidades climáticas.* («BOE» 194, do 14-8-2000.)

A evolución climática do actual ano agrícola caracterizouse por unha acusada falta de precipitacións durante o primeiro trimestre, unida a inusuais temperaturas altas no mes de febreiro, o que produciu unha situación de seca en gran parte do territorio nacional, que afectou tanto as actividades productivas agrarias de secaño, como as de regadío, debido, neste caso, ó importante déficit no volume de auga encorada.

Sen embargo, as abundantes precipitacións que se viñeron sucedendo durante a primavera provocaron un cambio ostensible no desenvolvemento dos cultivos e dos pastos, mellorando notablemente as perspectivas productivas agrarias con carácter xeral.

Non obstante o anterior, as condicións climáticas do primeiro trimestre produciron danos irreversibles, con carácter localizado, nalgunhas comunidades autónomas, e a situación de seca persiste no territorio das comunidades autónomas das Illes Balears e Rexión de Murcia, que non se viron favorecidas polas precipitacións indicadas e nas que unen os seus efectos a seca padecida no ano 1999 e a do presente ano, o que agrava considerablemente o grao de afectación e a incidencia negativa na economía agraria e do medio rural destes territorios.

Así mesmo, producíronse fenómenos meteorolóxicos adversos de diversa natureza, en determinadas zonas, que produciron importantes danos na agricultura e, mesmo, nas infraestruturas rurais. Este é o caso, entre outros, das chuvias torrenciais acaecidas o día 10 de xuño no territorio da Comunidade Autónoma de Cataluña.

Consecuentemente, faise necesario arbitrar medidas paliativas adecuadas, en consonancia coa natureza e incidencia dos danos producidos nas actividades agrarias dos territorios afectados e nas rendas dos agricultores e gandeiros, dentro do necesario marco de cooperación entre a Administración xeral do Estado e as correspondentes administracións autonómicas, e respectando o principio de fomento e extensión dos seguros agrarios.

O limiar de perdas de produción bruta para acceder ós beneficios regulados nesta disposición, que se fixa, con carácter xeral, no 50 por 100 respecto á correspondente a un ano normal, recolle, non obstante, dúas situacións singulares. Unha é a establecida para o cultivo da amendoeira nos danos ocasionados pola seca, fixándose, neste caso, en concordancia co xa regulado para este cultivo leñoso, no Real decreto lei 20/1999, do 3 de decembro, polo que se adoptan novas medidas para paliar los efectos da seca nalgúns cultivos leñosos. Outra situación de excepción é a correspondente ós danos ocasionados polas chuvias continuas no cultivo do amorodo en áreas concretas das provincias de Huelva, Cádiz e Sevilla, que serán obxecto de delimitación, en

atención á elevada contía dos gastos realizados neste cultivo, especialmente os derivados do traballo que se viron incrementados polos necesarios labores de selección, recollida e destrución da froita non comercializable.

A escaseza de precipitacións, que afectou a determinadas zonas dalgúns comunidades autónomas, prexudicou especialmente os agricultores con cultivos que non teñen cuberto o risco de seca na regulación vixente e sen embargo subscribiron pólizas para outros riscos asegurables, o que fixo necesario establecer indemnizacións paliativas dos danos ocasionados, non acollidos á cobertura do seguro agrario, por causas alleas á súa vontade.

Circunstancias similares concorren nos agricultores con pólizas en vigor do seguro agrario combinado, que sufriron danos nos cultivos, como consecuencia da sarabia durante o período previo á entrada en garantía da póliza subscrita para esta continxencia climática, ou ben cando, tendo subscritas pólizas anuais de carácter sucesivo o ano anterior, non o fixesen aínda na presente campaña na data do sinistro. En ámbolos supostos, establécense indemnizacións polos danos ocasionados.

Igualmente, a economía das explotacións de gandería extensiva nos territorios afectados pola seca, ó carecer de sistemas de aseguramento específico contra este risco, está resultando gravemente afectada, xa que a falta de pastos e forraxes obriga os gandeiros a realizar desembolsos extraordinarios para a alimentación do gando. Por iso, establécense unha liña de préstamos de xuro bonificado en apoio da gandería extensiva e, se é o caso, das explotacións agrarias con pólizas en vigor de seguro agrario, afectadas pola seca ou por outras adversidades climáticas non previstas nas actuais condicións de aseguramento.

A título excepcional, dado o carácter inicial e experimental da cobertura do risco de seca polo seguro agrario, implantada recentemente no cultivo da amendoeira, establécense, con carácter xeral, a acollida dos danos ocasionados pola seca neste cultivo á liña de préstamos de xuro bonificado anteriormente citada, mesmo cando o titular da explotación non subscribise a nova póliza de cobertura do risco de seca no dito cultivo leñoso.

Así mesmo, para paliar a especial incidencia negativa que as chuvias continuas tiveron nos resultados económicos do cultivo do amorodo no sudoeste andaluz, con importantes perdas de produto bruto, e dado que esta continxencia climática non ten cobertura no seguro agrario combinado, instrúntase unha bonificación de xuro dos préstamos de campaña que as asociacións e organizacións de produtores e cooperativas deste sector obteñan das entidades financeiras para a adquisición dos insumos que subministran ós titulares de explotacións afectadas por estes danos.

De maneira singular, hai que destaca-lo encarecemento dos alimentos gandeiros e das sementes de cereais na Comunidade Autónoma das Illes Balears, que, pola escaseza de produción interna por causa da seca, deben adquirirse doutras zonas de procedencia, coa repercusión dos altos custos de transporte, o que motivou que, tomando en consideración o feito insular, se establezan, neste caso, subvencións especiais ó custo dos alimentos para o gando e das sementes de cereais, para atenuar a repercusión económica do transporte desde as zonas de produción situadas fóra desta Comunidade.

Así mesmo, nas zonas nas que persistiu a situación de seca e se intensificaron os problemas de abastecemento de auga á gandería, xa evidenciados o pasado ano 1999, establécense medidas destinadas a paliar esta situación.

Co fin de reduci-lo fluxo de gastos de natureza fiscal e laboral, nas explotacións agrarias afectadas polas

adversidades climáticas, establécense medidas dirixidas a reduci-la fiscalidade que grava a estas explotacións, así como moratorias sen xuro nos pagamentos á Seguridade Social.

O presente real decreto lei dítase ó abeiro do artigo 149.1.1.^a, 13.^a e 17.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de regulación das condicións básicas sobre igualdade de dereitos dos españois, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e réxime da Seguridade Social.

Na súa virtude, en uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta dos ministros de Economía, de Facenda, de Agricultura, Pesca e Alimentación, e de Traballo e de Asuntos Sociais e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 4 de agosto de 2000,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este real decreto lei ten por obxecto establecer medidas de apoio e, se é o caso, a concesión de axudas ós titulares das explotacións agrarias situadas nas comunidades autónomas, provincias, comarcas, termos municipais ou zonas que, por causa da seca ou por outras adversidades climáticas acaecidas durante a campaña agraria 1999-2000, sufrisen unhas perdas medias de produción bruta, nos cultivos ou aproveitamentos gandeiros, superiores ó 50 por 100 da correspondente a un ano normal, sen prexuízo do establecido no artigo 4.1 en relación co cultivo da amendoeira, e o artigo 6 en relación co cultivo do amorodo.

2. Por orde do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, oídas as comunidades autónomas, delimitaranse os ámbitos territoriais para a aplicación das medidas previstas.

Artigo 2. *Indemnización de danos en producións agrarias.*

1. Os danos causados pola seca na campaña agrícola 1999-2000 sobre producións agrarias aseguradas con pólizas en vigor do seguro agrario combinado, regulado pola Lei 87/1978, do 28 de decembro, serán obxecto de indemnización, cando os riscos que os orixinen non se encontren cubertos polas ordes reguladoras das condicións de aseguramento.

2. Así mesmo, serán obxecto de indemnización os danos ocasionados pola sarabia na campaña agraria 1999-2000, sobre producións agrarias aseguradas contra esta continxencia, cando esta se producise no período previo á entrada en garantía da póliza de seguro agrario combinado xa subscrita, ou cando o titular subscribise, na campaña anterior, pólizas da modalidade de contratación de carácter sucesivo e non se asegurase aínda na presente campaña, na data da indicada continxencia meteorolóxica.

Artigo 3. *Axudas ó custo dos alimentos gandeiros e das sementes de cereais na Comunidade Autónoma das Illes Balears.*

Establécense axudas ó custo dos alimentos para o gando e das sementes de cereais na Comunidade Autónoma das Illes Balears, para atenuar a repercusión económica do transporte desde zonas situadas fóra do seu territorio, nas condicións e contías que regule o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, por un importe total máximo unitario de 8 pesetas/quilogramo de alimentos ou sementes de cereais transportados.

Estas axudas atenderanse con cargo ós orzamentos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Artigo 4. *Préstamos ás explotacións agrarias afectadas pola seca e outras adversidades climáticas.*

1. Co fin de lles facilitar préstamos para afrontar os custos adicionais na alimentación do gando ós titulares de explotacións extensivas de gando bovino, ovino, cabrún, equino e porcino afectadas pola seca, así como ós apicultores e, se é o caso, ós titulares de explotacións agrarias con pólizas en vigor de seguro agrario, afectadas pola seca ou por outras adversidades climáticas non previstas nas actuais condicións de aseguramento, nos termos establecidos no artigo 1, o Instituto de Crédito Oficial (ICO) utilizará a mediación das entidades financeiras, subscribindo con elas os oportunos convenios para pór á súa disposición unha liña de préstamos, por importe de ata 8.000 millóns de pesetas.

Os titulares de explotacións agrarias dos que o cultivo da amendoeira sufrise danos ocasionados pola seca, con perdas de produción bruta non inferiores ó 40 por 100, respecto á dun ano normal, poderán acollerse, en calquera caso, ós préstamos establecidos no parágrafo anterior.

Así mesmo, poderán incluírse no importe dos préstamos os gastos derivados, se é o caso, da reposición das árbores mortas por causa da seca nos cultivos leñosos afectados.

2. Os solicitantes que sexan beneficiarios de préstamos con xuro bonificado, concedidos ó abeiro dos Reais decretos lei 4/1995, do 12 de maio, polo que se adoptan medidas urxentes para reparar os efectos producidos pola seca; 11/1999, do 11 de xuño, de adopción de medidas de carácter urxente para reparar os efectos producidos pola seca, e 20/1999, do 3 de decembro, polo que se adoptan novas medidas para paliar os efectos da seca nalgúns cultivos leñosos, deberán encontrarse ó día do pagamento daqueles, para obter a concesión dos regulados nesta disposición.

3. As condicións destes préstamos serán as seguintes:

a) Prazo: cinco anos, incluído un de carencia, para o pagamento do principal.

b) Tipo de xuro: o tipo de cesión do ICO ás entidades financeiras será o euríbor a seis meses, segundo referencia ICO, aplicado nas súas liñas de mediación. As entidades financeiras terán unha marxe de intermediación máxima dun punto.

c) Bonificación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación: o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación bonificará en contía equivalente á metade do tipo de xuro que, nas condicións anteriores, quedaría a cargo do beneficiario.

d) Participación do ICO: estes préstamos serán outorgados polo ICO no exercicio das funcións a que se refire o parágrafo 2.a) do número dous da disposición adicional sexta do Real decreto lei 12/1995, do 28 de decembro, sobre medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira.

e) Riscos dos préstamos: o risco dos préstamos será por conta das entidades financeiras mediadoras.

f) O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación fixará os módulos e importes máximos unitarios de préstamo bonificado. En todo caso, os importes máximos unitarios de préstamo non superarán a contía de 4.000.000 de pesetas por persoa física, nin os 20.000.000 de pesetas por persoa xurídica ou comunidade de bens.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e, se é o caso, as comunidades autónomas subscribirán co ICO os oportunos convenios de colaboración para instrumentar esta liña de préstamos.

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación atenderá con cargo ós seus orzamentos as liquidacións

que, para financiar os gastos de administración e xestión en que incorra o ICO, no desenvolvemento e execución da función que se lle encomenda, poida presentarlle este Instituto, ata un máximo de 0,05 puntos porcentuais sobre as cantidades dispostas de préstamos.

5. Os titulares de explotacións agrarias que poden do acollerse ós préstamos establecidos neste artigo non o fixesen e fosen prestameiros de préstamos bonificados concedidos ó abeiro do Real decreto lei 4/1995, do 12 de maio, para reparar os efectos producidos pola seca, poderán obter unha ampliación no período de bonificación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación por un prazo máximo de dous anos, se obtivesen o correspondente aprazamento, por igual período, no pagamento do principal pendente, por parte da entidade financeira concedente do préstamo.

6. Non se recollerán na liña de préstamos regulada neste artigo os danos ocasionados polas chuvias continuas no cultivo do amorodo.

Artigo 5. *Avais para os préstamos de xuro bonificado.*

O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, con cargo ós seus orzamentos, poderá subvencionar os avais concedidos, se é o caso, pola "Sociedad Anónima Estatal de Caución Agraria" (SAECA), cando estes sexan necesarios para a concesión dos préstamos de xuro bonificado previstos no artigo 4 deste real decreto lei.

O importe da subvención destinarase a satisfacer o custo do aval correspondente á comisión de xestión, que se acordará con SAECA, por unha contía non superior ó 1 por 100 anual do saldo vivo do préstamo avalado.

Esta subvención será compatible coa que as comunidades autónomas lles poidan conceder, se é o caso, ós mesmos beneficiarios e préstamos avalados, aplicable a outro compoñente do custo do aval.

Artigo 6. *Préstamos de campaña.*

Establécese unha bonificación de xuros ós préstamos de campaña a prazo máximo dun ano, que lles concedan as entidades financeiras ás asociacións ou organizacións de produtores e cooperativas agrarias do sector do amorodo en ámbitos territoriais concretos das provincias de Huelva, Cádiz e Sevilla do sudoeste da Comunidade Autónoma de Andalucía, que se delimitarán, afectados polos efectos das chuvias continuas, coa finalidade de financiar a adquisición de insumos para subministrarlles ós seus socios e a terceiros, cos límites legais establecidos neste último caso.

A bonificación máxima de xuro con cargo ós orzamentos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación será do 50 por 100 do tipo de xuro dos préstamos, sen exceder 2 puntos porcentuais, e o volume máximo de préstamo de xuro bonificado fíxase en 10.000 millóns de pesetas.

Artigo 7. *Puntos de subministración de auga.*

1. Con obxecto de atender as necesidades de auga das explotacións gandeiras de réxime extensivo, nas que a seca esgotase as súas fontes de subministración habituais, autorízase o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para realizar, con carácter de emerxencia, as obras necesarias para construír puntos de subministración, dos que serán beneficiarios os municipios afectados, sen prexuízo da competencia do Ministerio de Medio Ambiente nesta materia. Estas obras terán a consideración das previstas no parágrafo a) do artigo 61 e concordantes da Lei de reforma e desenvolvemento agrario.

2. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en coordinación coas comunidades autónomas, articulará a aplicación do disposto no punto anterior.

Artigo 8. *Cotas da Seguridade Social.*

1. Os traballadores por conta propia incluídos no réxime especial agrario da Seguridade Social, e os titulares de explotacións agrarias incluídos no réxime especial de traballadores autónomos, nas zonas afectadas pola seca ou outras adversidades climáticas, nos termos previstos no artigo 1, gozarán dunha moratoria de dous anos, sen xuro, no pagamento das súas cotas fixas mensuais correspondentes ós meses de xullo a decembro de 2000, ámbolos dous incluídos, con dereito a devolución, se é o caso, das xa ingresadas.

Así mesmo, concédese unha moratoria de dous anos, sen xuro, no pagamento das cotas do réxime especial agrario da Seguridade Social e do réxime especial de traballadores autónomos, polas xornadas reais en ámbolos réximes, correspondentes ós meses de xullo a decembro de 2000, con dereito a devolución, se é o caso, das xa aboadas.

2. A moratoria e, se é o caso, a devolución das cotas, deberán ser solicitadas polos afectados dentro do prazo que para o efecto fixe o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais.

Artigo 9. *Modificación no rendemento neto da actividade agraria para efectos de tributación do imposto sobre a renda das persoas físicas.*

Para as explotacións e actividades agrarias situadas e realizadas nas zonas a que se refire o artigo 1, conforme as previsións contidas no artigo 35.4.1 do Regulamento do imposto da renda das persoas físicas, o Ministerio de Facenda, á vista do informe do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, autorizará, con carácter excepcional, a redución dos índices de rendemento neto, ós que se refire a orde do 7 de febreiro de 2000, que desenvolve para o ano 2000 o réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Artigo 10. *Financiamento.*

O custo das medidas que se establecen neste real decreto lei financiaranse con cargo ás dotacións orzamentarias existentes no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación ou no organismo autónomo Entidade Estatal de Seguros Agrarios, incluídos os remanentes dos créditos extraordinarios e as transferencias de crédito procedentes dos Reais decretos 11/1999 e 20/1999. Para estes efectos, o ministro de Facenda autorizará os expedientes de modificacións orzamentarias

que resulten procedentes, sen que a estes lles sexan de aplicación as limitacións establecidas no artigo 70 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, e no artigo 11.dous e tres da Lei 54/1999, do 29 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2000.

Disposición adicional primeira. *Título competencial.*

O presente real decreto lei dítase ó abeiro do artigo 149.1.1.^a, 13.^a e 17.^a da Constitución, que lle atribúe ó Estado a competencia exclusiva en materia de regulación das condicións básicas sobre igualdade de dereitos dos españois, bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e réxime da Seguridade Social.

Disposición adicional segunda. *Compatibilidade das axudas.*

As axudas reguladas na presente disposición serán compatibles coas que, se é o caso, establezan as comunidades autónomas afectadas coa mesma finalidade, respectándose, en todo caso, os límites establecidos para o efecto polas directrices comunitarias sobre axudas estatais ó sector agrario.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación.*

O Goberno e os titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións e adoptarán as medidas necesarias para a execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira segunda. *Validez das resolucións de concesión de axudas.*

A validez das resolucións de concesión das axudas estará condicionada a que se producise unha decisión positiva da Comisión Europea sobre elas, de acordo co establecido no artigo 88.3 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no "Boletín Oficial del Estado".

Dado en Palma de Mallorca o 4 de agosto de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ